

Resolución do 19 de marzo de 2007 pola que se anuncia a convocatoria para a contratación dun estudio sobre as características da implantación do sistema de inspección técnica de edificacións nos municipios de Galicia dende o punto de vista da competencia.

En virtude das facultades conferidas na vixente normativa de contratación, anúnciase a licitación dun contrato menor de consultaría e asistencia suxeito ás seguintes bases:

1. Entidade adxudicadora.

- a) Organismo: Tribunal Galego de Defensa dá Competencia.
- b) Dependencia que tramita o expediente: Secretaría Xeral.
- c) Dirección: Centro Comercial Área Central 1º, Local 34.
- d) Localidade e código postal: Santiago de Compostela 15707.
- e) Teléfono: 981 95 75 68.
- f) Telefax: 981 95 75 60.
- g) Nº de expediente: 8/07.

2. Obxecto do contrato.

- a) Descrición do obxecto: Realización dun estudio sobre as características da implantación do sistema de inspección técnica de edificacións nos municipios de Galicia dende o punto de vista da competencia.
- b) Prazo de execución: máximo de seis meses dende a adxudicación do contrato.

3. Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

- a) Tramitación: ordinaria
- b) Procedemento: aberto
- c) Forma de adxudicación: contrato menor de consultaría e asistencia.

4. Presuposto base de licitación. 10.000 euros (IVE incluído).

5. Forma de pagamento. Unha vez entregado o estudio, despois da presentación da factura xustificativa.

6. Garantía provisional. Non se esixe.

7. Requisitos específicos do contratista.

- a) Clasificación: non se esixe.
- b) Solvencia económica e financeira e capacidade para contratar: de acordo co Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas.

8. Presentación de ofertas ou de solicitudes de participación.

- a) Data límite de presentación: ata as 14:00 h do 13 de abril de 2007.

- b) Documentación que hai que presentar: oferta-presuposto no que se detallará:
- datos da empresa, organismo ou equipo investigador
 - persoas que desenvolverán o estudo, titulacións académicas e profesionais.
 - experiencia do equipo investigador.
 - outros estudos ou servizos realizados nos últimos 3 anos.
 - métodos de estudo.
 - outra documentación.
- c) Lugar de presentación: no rexistro do TGDC, de 9.00 a 14.00 horas. No caso de que as proposicións se envíen por correo, haberá que aterse ao disposto no artigo 80. 4º do Regulamento Xeral de Contratación das Administracións Públicas.

9. Gastos de anuncio no DOG. Por conta do adxudicatario.

10. Especificacións técnicas.

- a) Características do sistema de inspección técnica de edificacións
- b) Mercados definidos pola obriga de inspeccionar os edificios dende un punto de vista técnico
- c) Sistemas de contratación do persoal técnico nos municipios de Galicia

11. Criterios de selección.

- a) Experiencia do equipo investigador na materia.
- b) Prazo de execución.
- c) Prezo.

12. Presentación do estudo e dereitos de Propiedade Intelectual.

- a) O estudo deberá ter versión en galego e en castelán. Cada versión presentarase en papel (cinco exemplares debidamente encadernados de cada idioma) e en formato electrónico.
- b) O TGDC adquirirá os dereitos de reprodución por calquera medio da totalidade ou parte do estudo elaborado pola adxudicataria, coa obriga de citar a súa autoría.

Santiago de Compostela, 19 de marzo de 2007

O presidente

José Antonio Varela González

